

Fillas de Cassandra inicia este venres 16 a xira 'Últimas Dionisiacas' no Mar de Vigo

María SOA e Sara Faro estarán acompañadas de Tania Camaño e Marina Vidal sobre o escenario, nunha cita que contará coa presenza de diversas colaboradoras que serán toda unha sorpresa para o público asistente

O concerto dará comezo ás 22.00 horas no hall do Auditorio Mar de Vigo, mentres que a apertura de portas terá lugar ás 21.30 horas



Fillas de Cassandra © Sabela Andrés

Vigo, 15 de febreiro de 2024.- Fillas de Cassandra iniciara mañá venres, 16 de febreiro, a xira *Últimas Dionisiacas* na súa cidade natal, Vigo. Tras esgotar, en menos de 10 días, os 1.400 billetes dispoñibles para a cita no Auditorio Mar de Vigo, o dúo conformado por María SOA e Sara Faro estreará no hall do recinto o seu novo directo.

O concerto, que comezará ás 22.00 horas (a apertura de portas será ás 21.30 horas), contará coa colaboración de diversas bandas e solistas cuxa participación será toda unha sorpresa para o público asistente.

Últimas Dionisiacas é a nova proposta escénica e musical de Fillas de Cassandra, na que as artistas fan unha revisión dos temas máis coñecidos do seu primeiro LP, *Acrópole*, desde unha electrónica máis escura e potente. Tamén recuperan algúns dos sinxelos publicados nos últimos meses e dan a coñecer outros inéditos para o público.

Neste directo, a luz e a escenografía teñen un papel moi relevante; mais unha das principais novidades é que Fillas de Cassandra están acompañadas sobre o escenario dunha banda, que integran Tania Caamaño e Marina Vidal. Desde xeito, e con esta formación, o grupo relevación do panorama musical galego no 2023 aposta pola organicidade do piano, o bombo legüero, as pandeiretas, os pandeiros, violín ou as harmonías vocais en rigoroso directo, mais sen esquecer as bases electrónicas producidas por María SOA e Berto.

Logo da estrea viguesa, Fillas de Cassandra levará as *Últimas Dionisiacas* á cidade da **Coruña o vindeiro 22 de febreiro**, nunha cita enmarcada na celebración do Día dos Medios en Galego (que terá lugar na sala INN e para a que tampouco quedan billetes dispoñibles). Despois actuarán o 3 de marzo en **Arzúa** (Festa do Queixo), o 12 de abril en **Donostia** (no marco do ciclo Bizi ala Iraun), o 13 de abril no **ZEID FEST** de Barakaldo e, máis adiante, nos festivais **OurenSound**, **Ortigueira** ou **SonRías Baixas**, entre outros.

CONVOCATORIA PRENSA E MEDIOS GRÁFICOS ACREDITADOS

Data: 16 de febreiro de 2024.

Lugar: Hall do Auditorio Mar de Vigo.

Hora: 21.45 horas (recollida de acreditacións e acceso de prensa a través da porta situada xunto á billeteira do recinto).

Acto: Fillas de Cassandra inicia a xira 'Últimas Dionisiacas'.

Protocolo de fotos e vídeo

- Sen limitación de número de cancións.
- Os primeiros temas poderanse facer desde o foso (o acceso ao mesmo farase acompañado polo equipo de prensa desde a billeteira. A entrada do público será a partir das 21.30 horas pola porta principal).
- A continuación poderanse tomar imaxes e vídeos por todo o hall do Mar de Vigo, agás sobre o escenario e nas zonas de acceso privado.

Contacto de prensa Fillas de Cassandra

Lucía Pita | 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Descarga [aquí o kit de prensa](#) de Fillas de Cassandra